

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027216	IES Fernando Esquío	Neda	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación en Valores Cívicos e Éticos	3º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	13
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022, do 2022, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A materia de valores éticos debe atender a unha formación integral da persoa e afondar no tratamento transversal dos problemas coa finalidade de proporcionar as bases para unha formación autónoma do alumnado nos valores dunha cidadanía plural, dialogante e democrática.

A materia é unha oportunidade para poñer en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación crítica do alumnado e o seu papel de axente activo e autónomo na súa propia formación.

Metodoloxicamente se prima o diálogo e o debate como ferramentas de reflexión e comprensión.

Dado que a materia ten unha presenza semanal de 1 hora, semella importante seleccionar moi ben a metodoloxía e os contidos a desenvolver para que a aprendizaxe sexa significativa.

O curso de 3º ESO no que se imparte a materia está composto por dous grupos de 24 alumnos (3ºA) e 25 alumnos (3ºB) cada un con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 14 e os 16 anos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconecemento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada.	1-2-5	3			1	1-2-3		
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.	5	3		3		1-2-3-4		1
OBX3 - Entender a natureza interconectada e inter e ecodependente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables.			5		2	1-2-3-4	1	
OBX4 - Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza.	1				1-2-3	1-3		3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	.Identidade e Personalidade	Adestrámonos naquelo que nos caracteriza como persoas e como nos relacionamos coas persoas do noso entorno.	10	4	X		
2	Pensamento e Acción	Importancia de desenvolver o pensamento crítico, e analizar o papel que a moral e a ética ten nas nosas accións.	24	10	X		
3	Convivir en Sociedade	Análise das diversas formas de organización social e política, así como o fenómeno migratorio, desigualdade social, memoria democrática	17	6		X	
4	Os dereitos humanos	Estudaremos o percorrido histórico dos dereitos, sociais, civís e políticos ate chegar á Declaración Universal dos Dereitos Humanos	17	6		X	
5	Desigualdade nun mundo global	En que consiste a globalización e cales son os principais problemas que plantea	16	5			X
6	Transformación e Utopía	Que podes facer ti para que o mundo sexa un lugar mellor, tendo como referencia movementos, persoas activistas, analizaremos a nosa responsabilidade.	16	4			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	.Identidade e Personalidade	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Recoñece a autoestima como elemento fundamental dunha vida plena e como vertebradora dunha convivencia significativa	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Coñece os principais elementos e condicionantes da personalidade	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A natureza humana. - Liberdade e moralidade como características especificamente humanas. - A identidade persoal, o cruzamento de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital. - A educación de emocións e sentimentos. - A autoestima persoal. - A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas. - A educación afectivo-sexual. - Análise das accións. - Os motivos da acción: desexos e razóns. - A vontade como razón práctica. - A autonomía da vontade. - A responsabilidade das accións.

UD	Título da UD	Duración
2	Pensamento e Acción	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Recoñece as emocións e motivación dos outros. E quen de exercer unha actitude empática e de recoñocer e practicar os valores da asertividade e o respecto a un mesmo e os demais	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Coñece e respeta o valor da diferenza a través da libre deliberación e a autonomía	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos. - O obxecto da ética. - A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar. - A ética e as éticas como guías das nosas accións. - O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais. - Universalismo e pluralismo moral. - Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude. - Ética e dereito. - Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito. - O conflito lexitimidade-legalidade. - A obxección de conciencia. - Os dereitos individuais e os deberes cidadáns. - O debate sobre a liberdade de expresión. - A ética na sociedade actual. - O problema da desinformación. - A protección de datos e o dereito á intimidade. - O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais. - As condutas adictivas.

UD	Título da UD	Duración
3	Convivir en Sociedade	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Comprende a natureza social e política do ser humano así como o concepto, características e relevancia da democracia.	PE	70
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Recoñece as principais institucións democráticas a nivel nacional e internacional		
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Escoita activa, fai aportacións persoais que amplían o coñecemento sempre dende o respecto.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A sociedade humana: natureza e orixe. - As estruturas sociais e os grupos de pertenza. - Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo. - A convivencia social. - As virtudes do diálogo e as normas de argumentación. - A resolución pacífica de conflitos. - A empatía cos demais. - A política. - Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade. - Formas de Estado e tipos de goberno. - A democracia: principios, procedementos e institucións. - O Estado español como estado social e democrático de dereito. - Valores constitucionais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A memoria democrática. - A igualdade de xénero. - As diversas ondas e correntes do feminismo. - A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres. - A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados. - Os desafíos da democracia actual. - Os códigos deontolóxicos. - As éticas aplicadas. - Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética. - O desafío da intelixencia artificial. - As propostas transhumanistas.

UD	Título da UD	Duración
4	Os dereitos humanos	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Identifica os principais retos da bioética actuáis	PE	70
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Coñece cales son os Dereitos Humanos, que características teñen e entende a súa importancia para o benestar social.		
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Coñece as principais aportacións do feminismo e dos movementos LGTBIQ+e e recoñece a súa importancia nas sociedades actuáis	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os dereitos humanos. - Referente moral da democracia e a xustiza social. - Xeracións e historia dos dereitos humanos. - Dereitos da infancia. - Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza. - A participación democrática: ser cidadáns. - Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado. - A procura da xustiza social. - A desigualdade económica e a loita contra a pobreza. - Globalización económica e bens públicos globais. - O comercio xusto. - O valor social dos impostos. - A sociedade e a cidadanía plural. - O interculturalismo. - A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero. - Os dereitos LGTBIQ+. - A convivencia pacífica e segura. - A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política. - A atención ás vítimas da violencia. - Accións individuais e colectivas en favor da paz. - A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación. - O dereito internacional e a cidadanía global. - As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz. - O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.

UD	Título da UD	Duración
5	Desigualdade nun mundo global	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodpendencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	Entende e nomea as causas e consecuencias máis graves dos problemas ecosociais.	PE	70
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Á hora de intervir na aula, axúdase dos comentarios e aportacións das compañeiros e compañeiros á hora de enriquecer as súas intervencións.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente. - Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta. - Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodpendencia. - A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración. - Protección e dereitos dos animais. - Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais. - O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos.

UD	Título da UD	Duración
6	Transformación e Utopía	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Comprende e reflexiona sobre as diferentes formulacións científicas políticas e éticas que afrontan a emerxencia climática.	PE	70
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Comprender cales son as accións que contribúen a mellorar o desenvolvemento sustentable no seu propio centro. Levar a cabo unha acción que contribúe ó desenvolvemento sustentable.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none">- Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta.- Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos.- Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable.- Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul.- Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable.- Consumo responsable e soberanía alimentaria.- Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais.- Xustiza ecolóxica.- Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo.- Ecofeminismo e ética do coidado.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As principais cuestións a abordar na materia deben consistir na reflexión e asimilación de actitudes, coñecementos e valores dunha cidadanía plural, crítica e democrática procurando o desenvolvemento e fortalecemento da autonomía e responsabilidade

Así mesmo é de especial relevancia que o alumnado coñeza as canles de participación cidadá no marco da sociedade na que vive para que poida desenvolver estilos de vida saudables e sustentables e sobre todo baseados nunha participación activa e cooperativa na que saiba poñer en práctica os valores comúns e o pensamento crítico que o fornecerá na súa madurez persoal e académica.

Os principios metodolóxicos nos que se basea a materia son a aprendizaxe significativa; isto é partindo dos coñecementos previos do alumnado ser capaces de aprender a aprender e establecer relacións directas entre a materia e a súa realidade. Por outra banda temos a aprendizaxe cooperativa para fortalecer a empatía, as relacións sociais e académicas dentro da aula e no grupo clase. Aprendizaxe mediante o emprego das TICs, parte do traballo de aula será xestionado coa utilización de internet, videos divulgativos, presentación de tarefas etc, con respecto a este último tipo de aprendizaxe, cómpre salientar a importancia de traballar a busca de información, así como as fake news, e a verificación de fontes á hora de buscar información.

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntes elaborados polo profesorado da materia
Caderno persoal
Aula virtual da materia
Dotación da aula (encerado dixital, tradicional, mesas, cadeiras...)

Cadas sesión terá lugar nun aula do centro cun ordenaro conectado a internet e a pizarra con proxector e sonido. As elaboracións que o profesorado pode aportar van ser a base para que o alumnado poida desenvolver o seu traballo dun xeito satisfactorio. Para a comprensión e motivación utilizarase a proxección de vídeos. Ó longo das clases levaranse a cabo pequenas actividades en gran grupo e ademais solicitarase a realización de tarefas en torno ós valores e contidos da materia.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras dúas semanas de clase se levará a cabo un exercicio de redacción. Esta proba estará baseada en competencias básicas e o seu obxectivo é facilitar información sobre o alumnado de xeito individual, destrezas previas, dificultades ou especificidades que haxa que ter en conta á hora de programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	24	17	17	16	16	100
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30

Criterios de cualificación:

Ao final de cada avaliación teranse en conta tres porcentaxes:

1. As probas escritas, suporán o 70 % da cualificación global.
2. Actividades, actitude e comportamento e intervencións en clase suporán un 30% na cualificación.

Criterios de recuperación:

Cunha avaliación continua e progresiva, iranse aplicando medidas de recuperacións en cada avaliación para facer un seguimento exhaustivo das dificultades que presente o alumnado. En función desas dificultades e do traballo realizado a recuperación poderá consistir na realización dalgunha actividade -redacción, cartel para concienciar dalgún tema de interese ético, vídeo...- ou na realización dunha proba en torno ós contidos traballados. Actuarase de maneira equivalente con respecto á recuperación final.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non hai alumnado con Valores Éticos pendente.

En caso dalgunha matriculación tardía na que o alumno/a tivese a materia pendente, terase en conta o Plan de Reforzo (artigo 51 da Orde do 8 de Setembro 2021 de atención á diversidade). O plan deberá ser elaborado polo profesorado que imparte a materia baixo directrices do departamento co coñecemento da titora ou titor. O plan deberá ter como referentes os obxectivos da materia e adquisición de competencias.

Realizaráselle ao alumnado unha proposta de traballo completo e individualizado no que se desenvolvan os criterios mínimos exisibles.

6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo proporánse medidas de reforzo adaptadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios.

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso debemos ter en conta o plan específico personalizado que desenvolve o artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade.

Por outra banda, tamén caberán actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como na interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual			X			X
ET.4 - Fomento da creatividade e espírito crítico		X	X		X	X
ET.5 - Orientación da conduta cara valores democráticos e éticos	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Competencia dixital		X		X		X
ET.7 - Emprendemento social			X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero		X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.9 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X

Observacións:

No ambiente da aula, e en todas as tarefas da materia:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia, o respecto polo Estado de dereito, a pluralidade, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

Como noutras materias do Departamento de Filosofía, tanto os contidos como os instrumentos propios da disciplina, son especialmente axeitados para traballar as liñas trasversais do currículo.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoramos	Desenvolvemento de actividades en distintas conmemoracións que se levan a cabo ó longo do curso, como o Día Internacional contra a Violencia de Xénero (25 de novembro) ou o Día Internacional contra o Acoso Escolar (2 de maio).	X	X	X

Observacións:

Poderase considerar algunha saída cultural que teña relación cos valores cívicos e éticos, en colaboración con outros departamentos do cenro educativo

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas
8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación
9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final

Metodoloxía empregada
7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
Medidas de atención á diversidade
6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
10. Adecuación do desenvolvementos dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado
Clima de traballo na aula
4. Adecuación da secuencia de traballo na aula.

Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento a través da aplicación Proens unha vez por avaliación para poder adiantarnos aos cambios no proceso de ensino aprendizaxe.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesión prevista por UD foron as suficientes.
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

9. Outros apartados